



CIRCULAR 11-2025.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB 16 E SUB 18.

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 25 e 26 de xaneiro en Expourense (Ourense), os Campionatos Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 16 e Sub 18.

Art.2).- Poderán participar as 12 mellores mulleres e os 12 mellores homes de cada categoría, con licenza na presente tempada pola FGA.

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2024, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do xoves 16 de xaneiro.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.
- Aqueles atletas que queiran realizar a inscrición por suma de puntos nas probas individuais, realizadas estas a partir do 1 de xaneiro de 2024, deberán, a maiores da inscrición na SDP, cubrir e remitir a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Sumatorio Combinadas" publicado na web ([pode acceder premendo aquí](#)).

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 10:00 horas do luns 20 de xaneiro e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.6).- Cadencias nos saltos verticais.

- Publicaranse as cadencias unha vez coñecida a participación final.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas na primeira proba de cada xornada provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos	7'
Concursos	25'



Art.9).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

Combinadas - Sábado Mañá			
10:00	60 valos (0,76)	Mulleres	Sub 18
10:08	60 valos (0,76)	Mulleres	Sub 18
10:16	60	Homes	Sub 18
10:22	60	Homes	Sub 18
10:45	Altura	Mulleres	Sub 18
11:00	Lonxitude	Homes	Sub 18
11:30	60	Homes	Sub 16
11:35	60	Homes	Sub 16
11:46	60 valos (0,76)	Mulleres	Sub 16
11:54	60 valos (0,76)	Mulleres	Sub 16
12:10	Peso	Homes	Sub 18
12:10	Lonxitude	Homes	Sub 16
12:30	Altura	Mulleres	Sub 16
13:15	Peso	Homes	Sub 16

Combinadas - Sábado Tarde			
16:30	Peso	Mulleres	Sub 18
16:30	Altura	Homes	Sub 18
17:45	Peso	Mulleres	Sub 16
17:45	Lonxitude	Mulleres	Sub 18
18:30	Altura	Homes	Sub 16
18:55	Lonxitude	Mulleres	Sub 16
19:10	800	Mulleres	Sub 18
20:05	600	Mulleres	Sub 16

Combinadas - Domingo Mañá			
10:00	60 valos (0,91)	Homes	Sub 18
10:08	60 valos (0,91)	Homes	Sub 18
10:16	60 valos (0,91)	Homes	Sub 16
10:24	60 valos (0,91)	Homes	Sub 16
10:50	Pértega	Homes	Sub 18
11:30	1000	Homes	Sub 16
13:50	1000	Homes	Sub 18

Art.10).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.



Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnic@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 09 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo